

Valdeorras

Edición xestionada por [Gustavo Docampo](#)

XORNADAS DA MEMORIA DE VALDEORRAS

A voz dos poetas na homenaxe ás vítimas do franquismo

O próximo domingo, 30 de abril, concluirán as Xornadas da Memoria coa homenaxe ás vítimas do franquismo que consistirá na inauguración do monumento realizado polo escultor Luís Fernández "Cochorro" nun acto poético e musical no que porán a súa voz, entre outros, os poetas Millán Picouto, Xabier Paz, Antón L. Dobao, Asunción Arias e Xosé Rodríguez Ferrer. No acto, que dará comezo ás 12:30 horas, ocuparán un lugar de honra persoas castigadas pola represión franquista e familiares dos mesmos.

- 20:37 25/04/2006

Está prevista igualmente a intervención de representantes da Xunta de Galiza e do Concello do Barco, como xa sucedera no acto de apertura deste ciclo da memoria. A comisión organizadora ten valorado moi positivamente a marcha do programa, que acadou unha grande concurrencia nas dúas xornadas celebradas até agora.

Se a semana pasada estivo dedicada ao visual, exposicións e proxeccións de cine documental, nesta será a quenda da palabra e do argumento para o debate. O venres Lourenzo Fernández Prieto, exporá o relatorio "Memoria e vixencia da República". Fernández Prieto acaba de ser nomeado coordinador do Arquivo da Memoria Oral e é catedrático de Historia Contemporánea da USC. O sábado serán tres os relatorios que xirarán arredor da represión na comarca de Valdeorras, os de Xulio Prada, investigador e profesor da Universidade de Vigo; Santiago Macías, da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica e Ricardo Gurriarán, historiador especialista na historia da comarca. As dúas citas darán comezo ás 20:00 horas na Casa de Río Cigüeño, o lugar que mellor simboliza a represión en Valdeorras, que foi elixido polos organizadores para a realización deste ciclo e para honrar, con estas actividades, a memoria dos que sufriron a represión por defender a República e as liberdades.